

Covas lembrá a rodaxe da película “A letra escarlata” de Win Wenders no ano 1972

Redacción • Ferrol

A sociedade Columba de Covas lembrará mañá sábado o aniversario da rodaxe da película “A letra escarlata”, de Wim Wenders, hai 30 anos nas praias da parroquia de Covas.

Trátase da terceira longametraxe do director alemán, baseado no popular relato do escritor norteamericano Nathaniel Hawthorne. A cinta estivo protagonizada por Senta Berger e Lou Castle, con actores españoles tan populares como Alfredo Mayo e Tito García. Ademais, nela tomaron parte moitos veciños de Covas, entre vinte e trinta, como extras.

O acto de lembranza desta importante ródaxe levarase a cabo ás oito da tarde na Cooperativa de Covas. Consistirá nunha charla de José Torregrosa, crítico de cine de Diario de Ferrol, así como nun visionado de diferentes imaxes e carteis da película.